

D^a MARIA JOSÉ LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE SAN AMARO (OURENSE), DO QUE É ALCALDE D. ERNESTO PEREZ GONZALEZ, SALVO ERRO OU OMISION INVOLUNTARIA, CERTIFICO:

Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 15.12.2015, adoptou o seguinte acordo:

II.- ACORDO DE ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACION DA DEPUTACION DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACION PUBLICA.

“(...) ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de San Amaro ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

SEGUNDO.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do convenio ao sr. alcalde. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta a Pleno.

CLAUSULADO DO CONVENIO (...)”

E para que así conste no expediente da súa razón, expido a presente certificación coa salvidade a que se refire o artigo 206 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co visto e praxe do Alcalde D. Ernesto Pérez González, en San Amaro a día quince de decembro do ano dous mil quince.

**Vº. e P.
ALCALDE**



SECRETARIA-INTERVENTORA

